

A LEDICIA DE LER

“Un novo libro de Paz Andrade”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 18 de novembro de 1979



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* a partir de 1975, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Un novo libro de Paz Andrade

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 18 DE NOVIEMBRE DE 1979

Cronoloxicamente, Valentín Paz Andrade pertence á xeración dos nosos vangardistas, aqueles que naceron ao redor do comezo do século: Manuel Antonio, Amado Carballo, Blanco Amor... Pero a súa produción poética é posterior á guerra civil. Antes alcanzara sona como político, como avogado, como experto xurídico-económico en temas pesqueiros e como xornalista. Precisamente en calidade desta última actividade dirixiu durante cinco anos o famoso periódico *Galicia*.

De todos os xeitos, Valentín Paz Andrade é tamén un home con vocación pola literatura. O seu coñecido estudo sobre Valle-Inclán, publicado o ano 1967, alcanzou unha difusión ampla e descubriu a preocupación literaria e bo siso de lector atento e crítico que corría tamén polas veas do home de leis e do técnico. Preocupación que se volveu confirmar recentemente cun novo libro, esta vez consagrado a un dos grandes fabuladores da literatura contemporánea, o brasileiro Guimarães Rosa, e do que no seu día demos conta nesta sección.

Como poeta, Paz Andrade deuse a coñecer en 1955 co seu *Pranto matricial*, poema elexíaco dedicado á morte de Castelao. En 1968 publicou *Sementeira do vento*, libro que viu a luz na desaparecida colección «Salnés» e que mereceu o eloxio do ilustre filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa. Non obstante, o labor poético de Paz Andrade venlle de máis lonxe, se acreditamos nas datas que figuran ao pé dalgúns dos poemas do novo libro que vén de imprimir.

Titúlase *Cen chaves de sombra* e acaba de saír do prelo das Edicións do Castro¹. Componse de catro partes, denominadas respectivamente «Ora na hora», «As cinzas de Marte», «Romanceira de Casteligo» e «Agora eres canzón». A primeira recolle un total de dez poemas, de temática variada, que abranguen desde o biográfico e fermoso «Veño da morte», inspirado nunha dramática experiencia persoal, ata unha lembranza do poeta Xoan Manuel Pintos, pasando polos sonetes dedicados ao liño e á lá.

Na segunda parte, ao meu xuízo a máis interesante do libro, vaise decatando, en versos rancos e duros, da barbarie homicida desatada sobre a nosa terra durante os días terribles da última guerra civil. O tiroteo do poeta en terras de Verín; un barco que desde Vilaxoán levou ao exilio, por roteiros de sombra e de medo, a algúns dos seus amigos; a fuxida de Ramón Martínez López a través da raia con Portugal; a evocación das noites na illa de San Simón, lazareto do crime e da anguria; os fusilamentos de Alexandre Bóveda e Camilo Díaz; as mortes de Xosé e Manolo Castelao... son evocados en versos emocionados, pero espidos e secos.

A terceira parte é quizais a de maior interese literario, tal vez pola virtuosidade no dominio do romance que mostra Valentín Paz Andrade, poeta tardío que por este camiño entronca co seu tempo. A lectura do poema titulado «Capotes de sombra amargos» fainos pensar, e non só polo tema, en Federico García Lorca. Se temos en conta ademais que a maior parte dos poemas desta serie están datados en 1937, veremos que preto se atopaba Valentín Paz Andrade daquela dalgúns dos ideais estéticos dos homes da súa xeración.

¹ Valentín Paz Andrade, *Cen chaves de sombra*, Edicións do Castro, A Coruña, 1979

A última parte do libro é un longo poema elixíaco á morte de Ramón Otero Pedrayo. Pola temática, pola propia concepción formal da composición poética, «Agora eres canción» debemos emparentalo co «Pranto matricial», co que non obstante ten importantes diverxencias, sen dúbida motivadas polas circunstancias que rodearon a vida e a morte dos dous homes a quen van dedicados.

Con este novo libro, Valentín Paz Andrade consolida a súa obra poética, seguramente o aspecto da súa polifacética personalidade por el máis querido e mimado

* * *